



Traducción

A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la necesidad de impulsar la modernización del tramo Monforte - Ponferrada para la mejora del transporte ferroviario en la comarca de Valdeorras.**

El pasado 26 de noviembre quedaba abierta a la circulación ferroviaria la línea Monforte – Ourense después de dos años de obras, aunque aún está pendiente de finalizar las actuaciones en el tramo Lugo-Monforte. Sin embargo, pese al avance que esto supone, es preciso acometer mejoras también en el tramo entre Ourense y Ponferrada – León, ya que permitirían ganar en servicios ferroviarios y calidad del transporte ferroviario en Valdeorras, unas actuaciones que lleva años demandando la comarca ourensana.

Por el momento, sólo se ha hecho público el anuncio del Ministerio de Transportes, en junio del año pasado, para la redacción de un estudio de viabilidad para modernizar el servicio ferroviario entre León-Ponferrada, pero nada más se sabe de las actuaciones previstas para el tramo ferroviario que atraviesa la comarca de Valdeorras.

Una modernización que acumula años de reivindicaciones para mejorar las conexiones entre Galicia y la Meseta, tanto en movilidad de pasajeros/as como en el transporte de mercancías.

Asimismo, la conexión entre Monforte y León está incluida en el Corredor Atlántico como línea de mercancías pero apenas ha recibido inversiones pues, a pesar de que contó con partidas presupuestarias, éstas no llegaron a ejecutarse.

Preocupa en la comarca de Valdeorras la exclusión de esta zona de las actuaciones de modernización de la red ferroviaria convencional que ven acrecentar el déficit en materia de transporte, especialmente ferroviario, un déficit histórico en infraestructuras del transporte que limita su desarrollo económico y ahonda en su aislamiento.

Además, junto a la mejora de la infraestructura ferroviaria, es preciso también aumentar los



Traducción

servicios y frecuencias, especialmente entre O Barco de Valdeorras y Ourense, que se reducen en la actualidad a dos frecuencias, que no permiten una movilidad adecuada.

Por ello, resulta imprescindible impulsar la modernización y mejora del tramo ferroviario Monforte-Ponferrada, junto con el incremento de servicios y de dotación de personal suficiente, para garantizar un transporte adecuado y contribuir a la dinamización social y económica de la comarca de Valdeorras.

Por todos los motivos anteriormente expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Qué inversiones tienen previsto realizar a corto-medio plazo para avanzar en la modernización de la línea ferroviaria entre Monforte-Ponferrada-León que atraviesa la comarca de Valdeorras y que resulta imprescindible para la movilidad de sus vecinos?
2. ¿Tiene previsto impulsar la necesaria modernización del tramo Monforte-Ponferrada, fundamental para el transporte ferroviario en Valdeorras?
3. ¿Qué medidas tienen previstas para garantizar también el transporte de mercancías en esta línea Monforte-León que está incluida en el Corredor Atlántico?
4. ¿Cómo ha previsto compensar el déficit histórico en infraestructuras, tanto viarias como ferroviarias, que sufre la comarca de Valdeorras? ¿Comparte que es preciso garantizar servicios ferroviarios para contribuir a su dinamización económica y luchar contra la despoblación y el aislamiento de la comarca?
5. ¿Qué disposición tiene el Ministerio para destinar partidas presupuestarias suficientes para incrementar las frecuencias y servicios de trenes en la comarca de Valdeorras?

En Madrid, a 17 de febrero de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 FEB. 2025 11:23:23

Entrada **56741**

Sobre a mellora do transporte ferroviario na comarca de Valdeorras

Competencia	Otros Expedientes
Tipo Expediente	300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á necesidade de impulsar a modernización do tramo Monforte-Ponferrada para a mellora do transporte ferroviario na comarca de Valdeorras.**

O pasado 26 de novembro quedaba aberta á circulación ferroviaria a liña Monforte – Ourense despois de dous anos de obras, aínda que ficando pendente a finalización das actuacións no tramo Lugo-Monforte. Porén, a pesar do avance que isto supón, é preciso acometer melloras tamén no tramo entre Ourense e Ponferrada – León, pois permitirían gañar en servizos ferroviarios e calidade do transporte ferroviario en Valdeorras, unhas actuacións que leva anos demandando a comarca ourensá.

Polo momento, só se fixo público o anuncio do Ministerio de Transportes, en xuño do ano pasado, para a redacción dun estudo de viabilidade para modernizar o servizo ferroviario entre León-Ponferrada, mais nada se sabe sobre as actuacións previstas para o tramo ferroviario que atravesa a comarca de Valdeorras.

Unha modernización que acumula anos de demandas para lograr que se melloren as conexións entre Galiza e a Meseta, tanto na mobilidade de viaxeiros/as como no transporte por mercadorías.

Así mesmo, a conexión entre Monforte e León está incluída no Corredor Atlántico como liña de mercadorías pero apenas recibiu investimentos pois, a pesar de que contou con partidas orzamentarias, non chegaron a executarse.

CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

17 FEB. 2025 11:23:23

Entrada **56741**



Preocupa na comarca de Valdeorras a exclusión desta zona das actuacións de modernización da rede ferroviaria convencional que ven acrecentar os déficit en materia de transporte, especialmente ferroviario, un déficit histórico en infraestruturas do transporte que limita o seu desenvolvemento económico e afonda no seu illamento.

Ademais, xunto coa mellora da infraestrutura ferroviaria é preciso, tamén, incrementar os servizos e frecuencias, especialmente entre O Barco de Valdeorras e Ourense, que se reducen na actualidade a dúas frecuencias, que non permiten unha mobilidade adecuada.

Resulta imprescindible, por tanto, impulsar a modernización e mellora do tramo ferroviario Monforte-Ponferrada, xunto co incremento dos servizos e suficiente dotación de persoal, para asegurar un transporte adecuado e contribuír á dinamización social e económica da comarca de Valdeorras.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. Que investimentos ten previsto realizar a curto medio prazo para avanzar na modernización da liña ferroviaria entre Monforte-Ponferrada-León que atravesa a comarca de Valdeorras e que resulta imprescindible para a mobilidade da súa veciñanza?
2. Ten previsto impulsar a necesaria modernización do tramo Monforte-Ponferrada fundamental para o transporte ferroviario en Valdeorras?
3. Que medidas ten previstas para garantir tamén o transporte de mercadorías nesta liña Monforte-León que está incluída no Corredor Atlántico?
4. Como ten previsto compensar o déficit histórico en infraestruturas, tanto viarias como ferroviarias, que sofre a comarca de Valdeorras? Comparte que é preciso garantir servizos ferroviarios para contribuír á súa



dinamización económica e loitar contra o despoboamento e o illamento da comarca?

5. Que disposición ten o Ministerio para destinar as partidas orzamentarias suficientes para incrementar as frecuencias e servizos ferroviarios na comarca de Valdeorras?

Madrid, a 17 de febreiro de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso